XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Colexio de Educación Infantil e Primaria Plurilingüe de Carnota
Praza San Gregorio 20 Carnota 15293
Tfno: 881 866 795 - 881 866 796 Fax:881 866 797

# PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO
# CURSO 2024/2025

## PRAZO DE RESERVA DE PRAZA:

Do 15 de xaneiro ao 5 de febreiro, ambos incluídos.

Listado provisional: 22 de febreiro.

## PRAZO DE ADMISIÓN DE NOVO ALUMNADO:

Do 1 ao 20 de marzo, ambos incluídos.

Listado provisional: 25 de abril. Reclamación: 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación.

Listaxe definitiva: 15 de maio.

## PRAZO DE MATRÍCULA:

Do 20 ao 30 de xuño.

**Colexio de Educación Infantil e Primaria Plurilingüe de Carnota**
**Praza San Gregorio 20 Carnota 15293**
**Tfno: 881 866 795 - 881 866 796 Fax:881 866 797**

# PROCESO DE ADMISIÓN DE NOVO ALUMNADO PARA O CURSO 2024-2025

| | |
|---|---|
| Alumnado ao que vai dirixido | Novo alumnado |
| Prazo de presentación das solicitudes de admisión | Do 1 ao 20 de marzo de 2024 (ambos incluídos) |
| Documentación a presentar | - Solicitude ED550B<br>- Copia do libro de familia<br>- Documento acreditativo do neno/a (de ter) |
| Presentación de solicitudes | - Preferiblemente de maneira telemática. A través da aplicación da consellería “admisionalumnado”.<br>- En formato físico. Na secretaría do centro. |
| Data de publicación da listaxe do alumnado admitido | - Listaxe provisional: 25 de abril (poderá formularse reclamación no prazo de 5 días hábiles).<br>- Listaxe definitiva: 15 de maio |
| Prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios de baremo alegados | 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao do remate do prazo para presentar as solicitudes |
| Prazo para formalizar a matrícula | Do 20 ao 30 de xuño |
| Normativa reguladora do procedemento | - Decreto 13/2022, do 3 de febreiro.<br>- Orde do 21 de outubro de 2022. |
| Postos escolares que se ofrecen en cada nivel e etapa (estimados, pendentes de validar por inspección educativa) | - Educación infantil: 17 prazas<br>- 1º Educación Primaria: 6 prazas<br>- 2º Educación Primaria: 0 prazas<br>- 3º Educación Primaria: 0 prazas<br>- 4º Educación Primaria: 9 prazas<br>- 5º Educación Primaria: 9 prazas<br>- 6º Educación Primaria: 8 prazas |
| Área de influencia | - Dende As Estañeiras ata Lariño (Carnota) |
| Servizos complementarios que ofrece o centro | - Madrugadores (xestionado polo Concello de Carnota)<br>- Transporte Escolar (xestionado pola Consellería de Educación). |
| Centro de secundaria adscrito | IES Lamas de Castelo (Carnota) |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

**Colexio de Educación Infantil e Primaria Plurilingüe de Carnota**
**Praza San Gregorio 20 Carnota 15293**
**Tfno: 881 866 795 - 881 866 796 Fax:881 866 797**

# PROCESO DE RESERVA DE NOVO ALUMNADO PARA O CURSO 2024-2025

| | |
|---|---|
| Alumnado ao que vai dirixido | Alumnado que se matricula no instituto |
| Prazo de presentación das solicitudes de reserva | Do 15 de xaneiro ao 5 de febreiro (ambos incluídos) |
| Documentación a presentar | - Solicitude ED550A<br>- Copia do libro de familia |
| Presentación de solicitudes | - Preferiblemente de maneira telemática. A través da aplicación da consellería "admisionalumnado".<br>- En formato físico. Na secretaría do centro. |
| Data de publicación da listaxe do alumnado con posto reservado | - 22 de febreiro de 2023 |
| Normativa reguladora do procedemento | - Decreto 13/2022, do 3 de febreiro<br>- Orde do 21 de outubro de 2022 |
| Área de influencia | - Dende As Estañeiras ata Lariño (Carnota) |
| Servizos complementarios que ofrece o centro | - Madrugadores (xestionado polo Concello de Carnota)<br>- Transporte Escolar (xestionado pola Consellería de Educación). |
| Centro de secundaria adscrito | IES Lamas de Castelo (Carnota) |

# IMPORTANTE

1º. Todo o alumnado poderá presentar solicitude de admisión, pedindo ata seis (6) centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar. Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.

2º. O alumnado que teña prioridade para continuar estudos nun centro de adscrición pode exercer o seu dereito á reserva de praza presentando solicitude de reserva no centro adscrito, isto é, no que está matriculado nese momento, e identificará o centro de adscrición que solicita.

3º. En todo caso, a solicitude de reserva ou de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.

A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro (este incluído) poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8 da Orde do 21 de febreiro de 2022.

4º. Sinálase, asemade, que na aplicación admisionalumnado (https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado) pódese consultar a seguinte información:

a) O cronograma coas datas dos trámites principais do procedemento de reserva, admisión ordinaria e matrícula.

b) A previsión de postos escolares dispoñibles e as súas modificacións.

c) A relación do alumnado de cada curso, co número da solicitude de admisión asignado pola aplicación admisionalumnado no momento da súa gravación.

d) O estado de tramitación da súa solicitude utilizando o número de solicitude e o número de DNI da persoa solicitante.

e) A listaxe do alumnado con posto reservado e a listaxe provisional e definitiva do alumnado admitido coa puntuación total e do alumnado non admitido, utilizando calquera dos mecanismos de identificación admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o certificado dixital e Chave365 (https://sede.xunta.gal/chave365).

Así mesmo, a admisión e a matriculación en dito centro implicará respectar o proxecto educativo.